

## PLAN DE ACTIVIDADES 2008

O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia desenvolve fundamentalmente a súa actividade de apoio ás universidades galegas, nos seguintes ámbitos de actuación:

### **1.- Servizos de apoio a produción científica que se está a desenvolver na nosa comunidade autónoma:**

1. Contratación de recursos electrónicos de interese común ás tres universidades galegas: Bases e datos referenciais, libros electrónicos, revistas electrónicas e portais e servizos de información.
2. Estudos de avaliación da nosa colección de recursos electrónicos.
3. Creación dunha base de datos que abrangue a os datos ISI, Scopus, CSIC,... e albergue a produción científica desenvolvida en Galicia
4. Estudo da produción científica de Galicia a través dun subdominio específico da nosa comunidade dentro do *Atlas de la ciencia*
5. Análise da produción científica das institucións universitarias e mais do CESGA
6. Apoio as convocatorias desenvolvidas no ámbito da investigación, aportando os indicadores bibliométricos solicitados por calquera dos membros do consorcio.
7. Incorporación dos Centros de Investigación e Tecnolóxicos estudando as diferentes opcións de acceso a recursos electrónicos contratados por Bugalicia.
8. Involucrar á Consellería de Sanidade para retomar a interlocución co SERGAS cara a unha posible cooperación entre servizos bibliotecarios

### **2.- Servizos de apoio as TIC nas bibliotecas:**

1. Colaboración na explotación dos sistemas de xestión bibliotecaria do SUG
2. Mantemento dos listados dos recursos electrónicos contratados a través do Consorcio.
3. SFX:
  - actualización mensual do sistema: versións, pantallas e funcionalidades
  - actualizacións periódicas dos recursos contidos na KB: xestión e revisión das altas e baixas dos recursos consorciados, resolución das posibles incidencias e interlocución cos editores e coa empresa Greendata/Exlibris.

4. Implementación de Metalib e actualizacións periódicas de KB de Metalib.
5. Administración do servidor de SFX/Metalib: Control do servidor, actualizacións do SO, xestión de estatísticas de SFX/Metalib, backup e supervisión de subservizos (EZPROXY, LDAP,...)
6. Viabilidade dun proxecto común de repositorios institucionais: creación dun grupo de traballo para aproveitar o coñecemento colectivo neste eido e aproveitar as sinerxias contribuindo así a posible creación de repositorios do SUG
7. Estudio das posibilidades que oferta a biblioteca 2.0 nas nosas bibliotecas universitarias, incluíndo unha enquisa aos nosos usuarios sobre os servizos "sociais" que lles gustaría incorporar nas webs das nosas bibliotecas.

**3.- Servizos de apoio a formación continuada do persoal bibliotecario galego organizando** cursos específicos de especial interese para os profesionais das bibliotecas universitarias:

#### **4.- Colaboracións noutras iniciativas bibliotecarias.**

##### **1. No ámbito galego:**

- Colaboración coa ACSUGA no observatorio de produción científica de Galicia.
- Colaboración co CESGA no análise da produción científica
- Colaboración coas universidades galegas na organización de eventos que posibiliten a visibilidade do servizo Bugalicia como apoio á investigación do SUG.

##### **2. A nivel nacional:**

- Colaboración e co participando como socios fundadores da Asociación Expania (grupo de usuarios de SFX/Metalib)
- Participación co Grupo Español de Usuarios de Innopac (GEUIN)
- Convenio coa Universidad de Granada no desenvolvemento de estudos bibliométricos
- Colaboración cos Consorcios de Bibliotecas Universitarias doutras Comunidades Autónomas.